

Criterios de cualificación para 2º de BAC.

Ademais do traballo diario individual na clase que terá que ser debidamente puntuado realizaranse varias probas para superar a materia do curso. Lembramos que o ensino da lingua inglesa forma parte dun sistema de **avaliación continua**, polo cal ao remate do curso , a nota que obteña o alumno/a na 3º avaliación será a que obteña finalmente, podendo realizarse un exame final ou ben unha proba de recuperación ao remate desta última avaliación a criterio do/a profesor/a.

As probas que terán que realizar os/as alumnos/as para superar a materia e a súa valoración será a seguinte:

- Dúas probas obrigatorias por trimestre que compoñen o 60% da nota de cada avaliación. Ditas probas fan media entre si e débense compoñer dos seguintes exames:
- ❖ Unha proba tipo PAAU que puntuá 9 xunto con unha proba de “Listening” que puntuará 1
- ❖ Unha proba da parte de gramática e vocabulario visto na clase. (10 Puntos)
 - O restante 40% da nota de cada avaliación constará da media das probas e traballos que cada profesor/a lle requira aos seus alumnos: “Speaking”, Tests de Unidade ou outro tipo de controis, redaccións... Terá que haber unha nota de cada.

Graficamente a proporción sería a seguinte:

60 %	PAAU	9 puntos	50%
	Listening	1 Punto	
	Grammar & Vocabulary	10 puntos	50%
40 %	Speaking		
	Essays		
	Unit Tests		
	Other		

No caso de non superar a materia durante o curso , o/a alumno/a realizará a **proba extraordinaria de setembro** que constará de dúas partes:

- Unha parte de gramática e vocabulario que puntuará o 40% da nota.
 - Unha proba tipo PAAU que puntuará o 60% da nota final.
-
- As faltas ortográficas básicas e repetidas baixarán a nota.
 - O alumno debe demostrar a súa comprensión lectora respondendo de forma axeitada e co seu propio vocabulario.
 - A redacción debe estar adecuada ao tema proposto e utilizar as estruturas e léxico do seu nivel.
 - Os/as alumnos/as non poderán deixar ningunha proba en branco se queren que se lles faga a media entre todas as probas realizadas.

